

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de febreiro de 2024**

Ás 17.57 horas do día 15 de febreiro de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D.^a Marta Nóvoa Iglesias

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. José Miguel Pérez Blecua

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Rafael Martínez Cachafeiro

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular e presidente don Luís Menor Pérez, substituído por don Manuel Seoane Rodríguez, asumindo a presidencia da comisión dona Marta Nóvoa

Iglesias. Non asiste a deputada do Grupo Popular dona María Teresa Barge Bello, substituída por don José Miguel Pérez Bleca.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 18 de xaneiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA AO PROXECTO DE REGADÍO NA COMARCA DA LIMIA, OURENSE.-

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da moción do seu grupo, relativa ao proxecto de regadío na Comarca da Limia.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, intervén para lembrar que nos anos noventa a propia Deputación Provincial fixo un proxecto consistente en facer represas para mellorar as condicións do sector agrícola da comarca da Limia. Lembra ademais que o último investimento que se materializou nesta comarca no relativo ao regadío é do ano 2008. Sinala que é urxente investir nesta infraestrutura e que os sistemas de regadío, ao contrario do que se poida pensar, axuda a controlar os recursos hídricos, axuda á corresponsabilidade na xestión da auga e son plenamente ecolóxicos.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que estamos ante un investimento previsto para a Comarca da Limia de 35 millóns de euros e que se aplicamos o investimento a hectáreas sobre as que se vai aplicar nos dá un resultado dun moi importante investimento por hectárea. Indica que o Estado achegou para esta infraestrutura e que a Xunta de Galicia e a Deputación tamén teñen que cofinanciar.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, insiste en que se debe estudar a posibilidade de non repercutir o IVE aos regantes e en caso de non ser posible asumir parte do financiamento do dito imposto. Lembra por último que se trata de diñeiro procedente dos fondos da Unión Europea, co que se podería aumentar incluso os ditos investimentos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que promova un cambio legislativo que permita non repercutir o IVE non deducible aos regantes e no caso de que este non fora posible, asumir a financiación do 80% de dito IVE.

2º. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que revise o esquema de financiamento do convenio para evitar que os regantes teñan que avalar o montante total do seu investimento.

3º. Instar a Xunta de Galicia a que asuma a súa parte da financiación do 20% do IVE da actuación, no caso de que non se acade o cambio legislativo que permita a súa non repercusión.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA. - Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS. - Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, indica que quedaba por contestar na anterior comisión unha pregunta formulada por dona Susana Rodríguez Estévez do Grupo Socialista, relativa á campaña de composteiros do ano 2021. Sinala que desde a área responsable se lle trasladou que algúns composteiros non puideron ser entregados porque non se atoparon ás persoas demandantes deles e que aínda que non hai nada concretado estase estudando a posibilidade de realizar unha nova campaña neste exercicio 2024.

E, ás 18.08 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.